

LUGARES DE INTERÉS XEOLÓXICO (LIG)

Como resultado do proxecto SILXE, nos catro concellos implicados, tendo en conta a Metodoloxía para a elaboración do Inventario de Lugares de Interés Xeolóxico do Instituto Geolóxico y Minero de España (IGME) establécense os seguintes LIG:

NOGUEIRA DE RAMUÍN

Id.	Denominación	Interés
1.1	Penedos do Castro.	Interesantes formas de erosión dos granitos e interpretación da paisaxe á carón do Mosteiro de Santo Estevo.
1.2	Formación Cuarcita Armoricana.	Na baixada ao catamarán formación "Cuarcita Armoricana" (477 millóns de anos), con pregamentos e boudines de cuarzo.
1.3	Parque granítico da Moura.	Formas de erosión do granito que dan unha atractiva paisaxe na que estas rochas son o elemento principal.
1.4	Rochas volcánicas e sedimentarias nos Peares.	Formación duns 495 a 491 millóns de anos, con vulcanismo asociado á fracturación do supercontinente RODINIA.

PARADA DE SIL

Id.	Denominación	Interés
2.1	Mirador de Cabezoás. Mirador de Os Balcóns de Madrid.	Interpretación da paisaxe e historia da xeoloxía dende uns dos miradores emblemáticos do Canón do Sil.
2.2	Pasarela do río Mao.	Migmatización da formación "Ollo de Sapo", e interpretación da paisaxe asociada a forza dun río lonxe do seu perfil de equilibrio.
2.3	San Vitor de Barxacova.	Estudo dos distintos estádios da intrusión magmática dun granito nun emprazamento de elevado interés antropológico e cultural.
2.4	Mirador do Chao de Medeiros.	Interpretación da paisaxe e historia da xeoloxía.

A TEIXEIRA

Id.	Denominación	Interés
3.1	Miradores: no cruce Videira e no Concello.	Estudo da paisaxe e das formas sedimentarias máis recentes, que teñen dado lugar ás bacías terciarias e a súa posterior erosión.
3.2	Mirador en Xirás. Mirador de A Galeana.	Interpretación da paisaxe e historia da xeoloxía dende os mellores miradores de A Teixeira. Observación da formación "Ollo de Sapo".
3.3	Ruta da ferverza de Cachón. Río Vaos.	Observación das formas de erosión fluvial e afloramento da formación "Ollo de Sapo".

ESGOS

Id.	Denominación	Interés
4.1	San Pedro de Rocas.	Interpretación da paisaxe e observación das singulares formas de erosión do granito, no mosteiro quizais máis emblemático da Ribeira Sacra, no que conflúe o arte coa Xeoloxía.
4.2	Virxe do Monte.	Interpretación dun singular resalte de rochas das Capas dos Montes, sometidas aos esforzos dunha cizalla dúctil, dando unha foliación tectónica, na que se diferencian especialmente as capas máis ricas en cuarzo.
4.3	Penedos da Moura.	Recoñecemento dun granito cunha cor especialmente clara, no que se producen formas particulares de erosión tabular e alteración hidrotermal nas súas diaclasas.

CONCELLOS PROMOTORES



FINANCIA




PROXECTO DE INTERESE XEOLÓXICO DO CANÓN DO SIL



PRIMEIRO INVENTARIO DE LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO NOS CONCELLOS GALEGOS:

Esgos, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil e A Teixeira, na provincia de Ourense.



LOCALIZACIÓN: <http://minilink.es/3fpj>

O MARCO XEOLÓXICO:

Esta zona, entre os 500 e 300 millóns de anos, foi un mar someiro que pechouse (300 M.a) debido ao choque de dous placas continentais para formar o super-continente PANXEA.

Hai rochas que veñen de volcáns e de bacías sedimentarias, que co choque formaron unha grande cordilleira, semellante ao Himalaya.

Así temos, por exemplo, interesantes e vistosos afloramentos de "Olo de Sapo" (485 millóns de anos) en A Teixeira e Parada de Sil, e presenza de metavulcanitas cargadas de sulfuros metálicos nos Peares, en Nogueira de Ramuín, inda máis antigas (entre 491 y 495 millóns de anos).



A erosión de millóns de anos fai que as rochas que vemos na actualidade correspondan ao corazón desa cordillera.

A profusa presenza de granitos e outras rochas que os acompañan como os pórfidos graníticos e diques aplíticos e pegmatíticos, produce atractivas formas como as que podemos apreciar no "Parque Granítico da Moura" en Nogueira de Ramuín, e en San Pedro de Rocas, en Esgos.



Chama a atención, particularmente, o afloramento rochoso de San Vitor de Barxacova, no que se poden ver restos de



xenolitos (gabarros embebidos no granito, máis antigos que esta última rocha), venas de pegmatitas, dos estádios ígenos máis tardíos, e minerais característicos destas venas como grandes chorlitas (turmalina negra), feldespatos e moscovitas.

En períodos xeolóxicos máis recentes (entorno aos 70-50 millóns de anos) o río Sil, un dos máis vellos da Península Ibérica, que discorría sobre unha planicie moi erosionada, comeza a encaixarse hasta formar o profundo canón que hoxe en día maraviñosos.

Esta planicie, fai uns 50 millóns de anos, sofre unha fracturación asociada a oroxenia Alpina, polo cal, na paisaxe que vemos dende os espléndidos miradores (Chao de Medeiros, Balcóns de Madrid, Xirás, etc.) podemos apreciar os diferentes bloques cortados polo canón.



Outros ríos, como o Mao e o Vaos, alonxados do seu perfil de equilibrio, presentan marmitas de xigante, formadas pola erosión da auga cargada de cantos rodados, amosando a elevada enerxía da auga.